

**ACTA SEGUNDA DO TRIBUNAL**

Data:	Día 08/02/2024, ás 10:00 horas
Proceso:	OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) Proceso selectivo de persoal laboral fixo, por concurso, para a praza de <b>Xestor/a Cultural</b>
Expediente:	2022/E001/000035

No día e hora indicados, reúnense no Concello de Lousame, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 476 do 23/08/2023):

1. Presidente: José Martínez Redondo
2. Vogal 1ª: Arturo Barreiro Tubío
3. Vogal 2ª: Mónica Castaño Ourille
4. Vogal 3ª: José Manuel Outeiral Castro
5. Secretaria: Mª Montserrat Arufe Lamas

**Antecedentes:**

**Primeiro:** A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 481/2023 do 23/08/2023):

<b>2022/E001/000035</b>	<b>XESTOR/A CULTURAL</b>
-------------------------	--------------------------

Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Provisional
Figueiras González, Antía	SI	***0655**	SI	SI	SI	SI	SI
Súarez Becerra, María Dolores	SI	***6588**	SI	SI	SI	SI	SI
Baluja Arestioño, María Teresa	SI	***2179**	SI	SI	SI	SI	SI
Espejo Guardiola, Teresa	SI	***6462**	SI	SI	SI	SI	SI
Brey Hermo, Antía	SI	***8655**	SI	SI	SI	SI	SI

**Segundo:** O Tribunal Cualificador, procedeu á baremación dos méritos achegados polos aspirantes, segundo o regulado nas Bases Xerais número 9 (Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos), número 10 (Acreditación do coñecemento da lingua galega), número 11 (Relación de persoas propostas para a obtención dunha praza) e número 12 (Criterios de desempate).

O resultado foi o seguinte:

Orde	Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Total	1º criterio de desempate
1.	Súarez Becerra, María Dolores	60	40	100	61,56



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

2.	Baluja Aresteiño, María Teresa	60	40	100	45,24
3.	Espejo Guardiola, Teresa	60	40	100	0
4.	Figueiras González, Antía	2,4	40	42,4	0
5.	Brey Hermo, Antía	0	40	40	0

**Terceiro:** Tal e como preceptúa a Base Xeral núm. 11.1, rematada a valoración dos méritos debe publicarse na sede electrónica a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións.

Dito anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Lousame, tal e como se indica:



#### Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame

Data: 24/01/24 15:00:13

Exposición: 24/01/24 15:00:13 a ...

<b>Anuncio</b>
Secretaría
<b>Acta Tribunal OEP Extraordinaria Estabilización: Xestor Cultural</b>
<b>Información:</b>
EXP: 2022/E001/000035
<b>Anexos</b>
<b>Nombre:</b> Acta 1 XESTOR CULTURAL Estab.pdf
<b>Hash:</b> (SHA-512) 11Z9Veb1YRWCl4dpM/svs7phBylI9JrgXWnH0CNjuZa3mQde0TlxzFDHRW9drHjeVv/sIsARETaUwfhMQ==
<b>Uri:</b> <a href="https://sede.lousame.es/sxc/recursos/downloads/Tablon/2024/ANUNCIO_PROG_20240124150013097_ANEXO_1706104813-0.pdf">https://sede.lousame.es/sxc/recursos/downloads/Tablon/2024/ANUNCIO_PROG_20240124150013097_ANEXO_1706104813-0.pdf</a>

**Cuarto:** Consta incorporado ao expediente Dilixencia acreditativa (do 08/02/2024) da non existencia de alegacións durante o período de información pública (do 24/01/2024 ao 07/02/2024)

**Quinto:** A Base Xeral núm. 11.2, 11.3 e 11.4 indica:

2. Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. O Tribunal non poderá aprobar a ningunha persoa aspirante que non acade unha puntuación mínima de 30 puntos no concurso de méritos. O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Se algunha persoa proposta non acreditou o coñecemento da lingua galega, terá lugar a proba de coñecemento da lingua galega, tal e como se regula na Base núm. 10.



4. Finalizada a fase de concurso, aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate e realizada (no seu caso) a proba do coñecemento da lingua galega o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

**Sexto:** A Base Xeral número 13, sinala:

*“Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, por orde de puntuación. No caso de darse estes supostos, outorgarase un novo prazo de 20 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación achegue a documentación correspondente para proceder ao nomeamento ou contratación”*

**Á vista do anterior, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros, ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ao seguinte aspirante, para obter a praza obxecto de estabilización neste proceso selectivo:

Orde	Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Total	1º criterio de desempate
1	Súarez Becerra, María Dolores	60	40	100	61,56

**SEGUNDO:** A Relación Complementaria de persoas aspirantes que siguen á proposta para obter a praza, no caso de que se dean os supostos contemplados na Base Xeral núm. 13, una vez aplicados os criterios de desempate sería a seguinte:

Orde	Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Total	1º criterio de desempate
2	Baluja Arestíño, María Teresa	60	40	100	45,24
3	Espejo Guardiola, Teresa	60	40	100	0
4	Figueiras González, Antía	2,4	40	42,4	0
5	Brey Hermo, Antía	0	40	40	0

**TERCEIRO:** Publicar estes acordos na Sede Electrónica do Concello.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 10:30 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

Membro	Identidade
Presidencia	José Martínez Redondo. Funcionario (A1). Concello de Lousame.
Vogal	Arturo Barreiro Tubío. Persoal Laboral Fixo (A2) Concello de Lousame.
Vogal	Mónica Castaño Ourille. Persoal Laboral Fixo (A2) Concello de Lousame
Vogal	José Manuel Outeiral Castro. Persoal Laboral Fixo (A2) Concello de Lousame
Secretaría	M <sup>a</sup> Montserrat Arufe Lamas. Funcionaria (C1) Concello de Lousame.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

---